

II CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN ASOCIADOS ÁS CÁTEDRAS INSTITUCIONAIS DA USC - 2020

A Universidade de Santiago de Compostela, de acordo cos seus Estatutos, é unha institución de dereito público dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos campus de Santiago de Compostela e Lugo, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que desfruta de autonomía, de acordo con estes estatutos e no marco da lexislación vixente.

Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela recollen no seu artigo 4.4 que para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a USC propiciará o establecemento de relacións con outras universidades, organizacións e institucións, e moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

Ase mesmo, a USC quere consolidar e impulsar a actividade investigadora no eido das Cátedras Institucionais que ten creadas para o que convoca proxectos de investigación e innovación relacionados coa temática das mesmas. Para desenvolver estes obxectivos, a Vicerreitoría de Investigación e Innovación da USC acordou a publicación desta convocatoria interna de proxectos, baixo as condicións que de seguido se sinalan.

OBXECTO DA CONVOCATORIA E FINANCIAMENTO

Pola presente resolución convócanse para o exercicio 2020, en réxime de concorrencia competitiva, **catro proxectos de investigación**, para ás Cátedras Institucionais da USC do Camiño de Santiago e as Peregrinacións (tres proxectos como máximo) (Anexo I) e de Cronicidade (un proxecto) (Anexo II).

O período de execución dos proxectos será o comprendido entre o **1 de setembro de 2020 e 30 de novembro de 2020**.

O financiamento da presente convocatoria, por un importe máximo de 8000,00 €, efectuarase con cargo ás partidas orzamentarias 5055.4337.22900 (Cátedra de Cronicidade) e á partida 5075.4326.22900 (Cátedra do Camino de Santiago e as Peregrinacións).

Con cargo a este importe financiaranse un proxecto para a Cátedra de Cronicidade e tres proxectos para a Cátedra do Camiño de Santiago e as Peregrinacións, cun financiamento máximo de 2000 euros por proxecto.

REQUISITOS PARA OPTAR ÁS AXUDAS

Poderán solicitar estas axudas os doutorandos/as, investigadores/as e profesores/as universitarios/as, nacionais ou estranxeiros/as, que desenvolvan a súa actividade investigadora en prol dos ámbitos das Cátedras Institucionais sinaladas nos anexos.

PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Universidade Santiago de Compostela e dirixiranse á Oficina de Investigación e Tecnoloxía (OIT) , (<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/rexistroElectronico.htm>) Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela (<https://sede.usc.es/sede/publica/informacion/aspectosTecnicos.htm>).

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria. A solicitude deberá incluír os seguintes documentos que deberán ser presentados a través da sede electrónica:

As solicitudes deben conter a seguinte documentación anexa:

1. Descrición do proxecto de investigación (máximo 15.000 caracteres, espazos incluídos), que recolla, como mínimo, os seguintes elementos:
 - Título
 - Resumo
 - Proposta científica: Antecedentes e estado actual do tema de estudo, Hipótese de partida e obxectivos xerais, obxectivos específicos, metodoloxía e cronograma (máximo 15.000 caracteres, espazos incluídos)
 - Plan de difusión e impacto esperado dos resultados (máximo 5.000 caracteres, espazos incluídos)
2. Currículo Vitae Abreviado (CVA) da persoa responsable do proxecto (máximo 5.000 caracteres, espazos incluídos)
3. Declaración responsable da investigadora ou investigador principal de que non percibe ou ten solicitado axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes da USC.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos que poderá consultarse no taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>), con indicación neste último caso da causa/s de exclusión.

Os solicitantes excluídos disporán dun prazo de CINCO días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar ou acompañar os documentos que motivaron a súa exclusión.

A subsanación farase UNICAMENTE a través da sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela.

Os solicitantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos.

Esta listaxe poderá consultarse no taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>).

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos solicitantes a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse no seu momento.

AVALIACIÓN DAS PROPOSTAS

Os criterios de valoración que se terán en conta para a concesión da axuda en razón da súa finalidade, natureza e características, son os seguintes:

1. Xustificación do proxecto (máximo 40 puntos)

- a) Análise do tema a abordar (máximo 20 puntos): valorarase a presentación dun diagnóstico do tema que se pretende estudar.
- b) Coherencia do proxecto no seu conxunto (máximo 20 puntos): valorarase a adecuación dos obxectivos, metodoloxía e actividades recollidos no proxecto.

2. Contido do proxecto (máximo 40 puntos):

- a) Proposta do programa de traballo a desenvolver e perfil dos centros onde se desenvolverá a investigación (máximo 20 puntos).
- b) Aspectos innovadores do proxecto (20 puntos, ata un máximo de 10 puntos por indicador).

3. Plan de difusión dos resultados do proxecto (20 puntos)

No caso da Cátedra de Cronicidade, para que o proxecto poida ser considerado deberá obter un mínimo de 30 puntos.

COMISIÓNS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección encargada da avaliación estratéxica e de oportunidade das solicitudes así como resolver esta convocatoria estará composta por:

Para o proxecto da Cátedra de Cronicidade:

- Presidente: Vicente Pérez Muñuzuri, Vicerreitor de Investigación e Innovación
- Secretario: Antonio Pose Reino, Director da Cátedra de Cronicidade
- Vogais: Gumersindo Feijoo Costa, Vicerreitor de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade
Rafael Bengoa Rentería, Asesor Principal da Cátedra

Para o proxecto da Cátedra do Camiño e das Peregrinacións:

- Presidente: Vicente Pérez Muñuzurri, Vicerreitor de Investigación e Innovación
- Secretario: Miguel Taín Guzmán, Director da Cátedra do Camiño e das Peregrinacións
- Vogal: Gumersindo Feijoo Costa, Vicerreitor de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade

Os/as integrantes das dúas comisións deberán de absterse de intervir, notificándollo ao Reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do

1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias previstas no antedito.

Logo da convocatoria do Presidente, a Comisión constituirase coa asistencia, como mínimo, do presidente, secretario e o 50% dos restantes membros. Nesta sesión, a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso .

A comisión resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que se deberá facer nos casos non previstos.

A comisión elaborará a proposta de adxudicación que será elevada ao Reitor da USC para a súa adxudicación definitiva.

PROCEDEMENTO DE RESOLUCIÓN

A comisión de selección determinará os proxectos seleccionados que se financiarán ao abeiro desta convocatoria. Poderá consultarse no taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>) ademais de notificarse ás persoas interesadas no prazo de 3 días naturais a contar dende a resolución da mesma.

ACEPTACIÓN DA AXUDA ECONÓMICA

Resolta a convocatoria, as persoas beneficiarias da axuda deberán presentar no prazo máximo de 3 días hábiles a partir da publicación da resolución, una carta de aceptación expresa do proxecto concedido, a través do rexistro electrónico da USC, dirixido á Vicerreitoría de Investigación e Innovación.

Si algunha das persoas beneficiarias renunciase expresamente ou non aceptase a axuda no prazo e forma sinalados neste artigo, o órgano concedente poderá acordar a concesión do proxecto ao seguinte solicitante seguindo a orde de puntuación da listaxe de reserva.

INICIO , SEGUIMIENTO E DESENVOLVEMENTO DOS PROXECTOS

A data de inicio das actividades non poderá ser anterior ao 1 de xullo de 2020, nin rematar con posterioridade ao 30 de novembro de 2020.

Cando durante a execución do proxecto se produzan circunstancias obxectivas que afecten aos obxectivos, resultados ou á persoa beneficiaria, deberán motivarse convenientemente na memoria científico-técnica final. Antes do 30 de novembro, as investigadoras ou investigadores dos proxectos concedidos deberán achegar ás direccións das Cátedras Institucionais da USC unha memoria final científico-técnica, que inclúa a descrición da totalidade das actividades realizadas no proxecto e na que se recollerán os medios humanos e materiais empregados, as experiencias do funcionamento e, de ser o caso, as persoas participantes. A devandita memoria ha de conter os logotipos da Cátedra, daquelas institucións asinantes do Convenio de creación da Cátedra e o da USC.

OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

A participación neste convocatoria por parte das persoas solicitantes implica a aceptación e cumprimento das súas normas dos seus requisitos e en concreto:

- a) Realizar as actividades descritas na súa solicitude do proxecto e responsabilizarse da súa correcta execución.
- b) Realizar o proxecto para o que se concede a axuda de conformidade co obxecto e/ou finalidade para a que se concede.
- c) Incorporar de forma visible os logotipos da Cátedra, daquelas institucións asinantes do Convenio de creación da Cátedra e o da USC no material e actividades que se desenvolvan e para a difusión do proxecto que, recomendase, sexan publicados en acceso aberto. Así mesmo, facer constar expresamente en toda a publicidade, publicacións ou presentación pública que se realice do proxecto que este está financiado con fondos da Cátedra correspondente.
- d) Entregar a memoria científico técnica final no prazo establecido no artigo 9 desta convocatoria.
- e) Someterse ás actuacións de supervisión e control que poidan realizar os órganos competentes, aportando canta información sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- f) Obrigación de asistir a todas as actividades programadas pola Cátedra durante os meses nos que se desenrola o proxecto.
- g) Outras obrigas de carácter específico sinaladas no Anexo I e II da presente convocatoria.

REINTEGRO DA FINANCIACIÓN DO PROXECTO

Serán causa de reintegro da cantidade percibida, as seguintes:

1. Incumprimento total ou parcial do proxecto ou sobre o calendario de execución do plan de investigación.
2. O incumprimento da obriga de entregar a memoria final científico-técnica nos termos e prazos sinalados nesta convocatoria.
3. Calquera modificación significativa sobre o contido do proxecto que non sexa autorizada previamente pola Vicerreitoría de Investigación e Innovación.
4. O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos polo persoal beneficiario do proxecto recollidos na presente convocatoria.

Disposición final primeira. Réxime xurídico

O que non estea previsto nesta resolución lle será aplicable o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

A presente resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro electrónico da USC.

Santiago de Compostela, a 01 de xullo do 2020



O Reitor
(Delegación de competencias por RR de 30 de abril de 2020)
Vicerreitor de Investigación e Innovación

Vicente Pérez Muñuzuri

ANEXO I

CÁTEDRA DO CAMIÑO DE SANTIAGO E AS PEREGRINACIÓNS

Co obxectivo de fomentar o coñecemento histórico e actual do Camiño de Santiago e das Peregrinacións, así como a promoción e difusión dos valores a eles asociados nas súas diferentes facianas, cumprindo deste xeito cos fins para a que foi creada a Cátedra do Camiño de Santiago e das Peregrinacións da USC, a devandita Cátedra propón tres proxectos de investigación sobre a temática do Camiño de Santiago e as Peregrinacións.

Os proxectos seleccionados deberán presentar os seus resultados da investigación na xornada “Investigando coa Cátedra do Camiño” da USC no auditorio da Cátedra e organizada pola mesma en data a determinar polo director.

ANEXO II

CÁTEDRA DE CRONICIDADE

Co obxectivo de fomentar o coñecemento dos aspectos relativos á cronicidade das enfermidades, cumprindo deste xeito cos fins para os que foi creada a Cátedra de Cronicidade da USC, a devandita Cátedra prepón un proxecto de investigación sobre a cronicidade.

Obxectivo do proxecto:

O proxecto consistirá en coñecer o abordaxe da cronicidade na formación regrada dos médicos nas facultades de Medicina nas universidades nacionais e internacionais. Este proxecto é precisamente para que se identifiquen e analicen exemplos nacionais e internacionais.

Xustificación do proxecto:

As nosas sociedades teñen o reto demográfico máis importante da súa historia que ven acompañado dunha sociedade cun patrón epidemiolóxico moi diferente ó de mediados do século pasado.

A ese novo entorno deben adaptarse todas as organizacións e institucións do país e deben de facelo relativamente rápido. O sistema de saúde e social xa se está reconfigurando para atender á cronicidade que xenera estos cambios demográficos.

A Universidade tamén debe facelo. Nin o sistema de saúde nin a Universidade autorregúlase para adaptarse a ese novo entorno. Compre un análise exhaustivo para coñecer a formación regrada noutras universidades e tamén saber e ter en conta a cronicidade nos seus plans de estudo. Pensamos que algunhas universidades no mundo xa se puxeron a elo. En varias xa se está implementando o cambio. Queremos saber cal é a situación e os exemplos doutras universidades.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VICENTE PEREZ MUÑUZURI, NIF 33267295A, 03/07/2020 13:02:37.

CSV: 47D7-63AB-4950-8491